PARLAMENTO DE GALICIA

[JCCP/MSGN]

Acta da sesión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, do día 3 de setembro de 2024

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, o día 3 de setembro de 2024, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Dona Patricia García González
(Presidenta)
Dona Paula Mouzo Mas
(Vicepresidenta)
Dona Carmela González Iglesias
(Secretaria)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Deza Martínez
Jesús María Fernández Rosende
Miguel Fidalgo Iglesias
María Dolores Hermelo Piñeiro
Carmen María Pomar Tojo
(en substitución de Raúl Santamaría González)
Pablo Javier Prieto Perille
Manuel Santos Costa

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Daniel Castro García
Rosana Pérez Fernández
José Daniel Pérez López
Paulo Ríos Santomé

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Julio Ernesto Abalde Alonso
Carlos López Font

Outros intervinientes:
Iria Taibo Corsanego

Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

PARLAMENTO DE GALICIA

A señora presidenta abre a sesión e, logo de dar a benvida ao novo curso parlamentario despois da tempada estival, pide un minuto de silencio polas vítimas do buque Argos Georgia e traslada un recordo agarimoso para as vítimas.

Logo da pausa, rógalle á señora secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Constatado o quórum, a Presidencia dá conta da entrada no Rexistro do documento número 10298, polo que o G.P. dos Socialistas de Galicia solicita o aprazamento da proposición non de lei co documento número 1519, aprazamento que se acepta por asentimento.

1.1 1519 (12/PNC-000177)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para levar a cabo un traballo conxunto co Goberno central co fin de que as institucións comunitarias recoñezan a figura das confrarías de pescadores
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12f2, do 17.04.2024

Aprazada por petición do grupo autor (documento número 10298, que se xunta á acta como anexo).

A seguir a Presidencia comunica a alteración da orde do día, previo acordo dos voceiros, consistente en debater en primeiro lugar a iniciativa que figura en último lugar.

Punto único. Proposicións non de lei

1.1 6574 (12/PNC-000786)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 4 máis
Sobre determinadas medidas que debe adoptar o Goberno galego verbo do apoio económico ao sector marisqueiro galego afectado por condicións meteorolóxicas adversas nos últimos meses
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49f1, do 10.07.2024

A **señora Pérez Fernández (BNG),** explica os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Abalde Alonso (S),** para posicionarse a favor da proposición non de lei defendida.

Nesta mesma rolda o **señor Fidalgo Iglesias (P),** tras rexeitar moitas das argumentacións expostas pola señora propoñente, explica a postura do seu Grupo a favor do primeiro parágrafo do texto resolutivo e en contra do segundo, polo que solicita a votación separada por puntos.

Na rolda de puntualizacións a **señora Pérez Fernández (BNG)**, agradece o apoio amosado polo voceiro do G.P. dos Socialistas de Galicia, expón diversas discrepancias coa intervención do voceiro do grupo maioritario e sinala que non acepta a votación por puntos.

1.2 6035 (12/PNC-000728)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Taibo Corsanego, Iria e 2 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que se coordine co Goberno central na procura de protección económica ás mariscadoras e aos mariscadores da ría do Burgo mentres non recupere esta ría a súa capacidade produtiva plena
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43f1, do 26.06.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (documento número 10294), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento).*

Deseguido concédelle a palabra á **señora Taibo Corsanego (BNG)**, quen procede á defensa e formulación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén o **señor Fernández Rosende (P)**, quen, tras amosar diversos desacordos coa intervención da propoñente, defende a emenda presentada polo seu grupo que agarda sexa tida en conta.

Na rolda do grupo parlamentario non emendante intervén o **señor Abalde Alonso (S)**, quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, xustifica o posicionamento do seu grupo a favor desta iniciativa de impulso ao Goberno.

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida a **señora Taibo Corsanego (BNG**), ofrece unha proposta de transacción coa emenda do G.P. Popular de Galicia e cuxo contido é o seguinte:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a asumir a coordinación co Ministerio de Transición Ecolóxica na demanda de que esta institución do Goberno central estenda as indemnizacións dirixidas a compensar os mariscadores e mariscadoras que non poden exercer a súa actividade na ría do Burgo (A Coruña), durante o período que transcorre desde que finalizou a obra de dragaxe ata que os bivalvos acaden o talle comercial, tal e como establece o propio proxecto, facilitando, para tal fin, a asistencia técnica e xurídica que sexa necesaria".

1.3 6080 (12/PNC-000735)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Hermelo Piñeiro, María Dolores e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que defenda ante a Unión Europea unha política de descarbonización da frota pesqueira que sexa efectiva, realista e asumible
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43f1, do 26.06.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de modificación por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (documento número 10271), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento).*

Deseguido concédelle a palabra á **señora Hermelo Piñeiro (P),** que procede á defensa da iniciativa con ampliación das argumentacións expresadas por escrito e publicadas no BOPG anteriormente subliñado.

Na rolda de grupo parlamentario emendante intervén o **señor López Font (S),** para explicar o sentido da emenda presentada polo seu grupo, que agarda sexa tida en conta.

Na rolda de grupo parlamentario non emendante o **señor Castro García (BNG),** comenta as anteriores intervencións e posiciónase a prol da proposta.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida, a **señora Hermelo Piñeiro (P),** agradece o posicionamento favorable do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e motiva a non aceptación da emenda.

1.4 6196 (12/PNC-000746)

PARLAMENTO DE GALICIA

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de impulsar unha estratexia de loita contra a expansión da alga asiática no litoral galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 46, do 03.07.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (documento número. 10292), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento).*

Deseguido concédelle a palabra ao **señor Abalde Alonso (S)**, quen procede á defensa e formulación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén o **señor Santos Costa (P)**, quen, tras amosar diversos desacordos coa intervención do señor propoñente, defende a emenda presentada polo seu grupo.

Na rolda do grupo parlamentario non emendante intervén a **señora González Iglesias (BNG**), quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, motiva o voto favorable do grupo ao que representa.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida o **señor Abalde Alonso (S**), comenta as intervencións do/da voceiro/a que interviron anteriormente e manifesta a disposición de aceptar a emenda de substitución cunha engádega in fine co seguinte contido: *"..., a través dun grupo de traballo onde estean representados a Fegamp e o sector pesqueiro e que se informe ao Parlamento de Galicia.»*

1.5 **6204 (12/PNC-000747)**
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fidalgo Iglesias, Miguel e 7 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de ampliar unha exención tributaria do imposto da renda das persoas físicas para fomentar o ingreso de novos tripulantes en buques de bandeira española
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 46, do 03.07.2024

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Fidalgo Iglesias (P),** que pasa a explicar os motivos que xustifican a presentación desta proposición non de lei, ampliando os contidos na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlameno.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Abalde Alonso (S),** quen, logo de deixar constancia das súas argumentacións a respecto desta iniciativa, amosa o voto positivo do seu grupo.

Nesta mesma rolda a **señora Pérez Fernández (BNG),** expón diversas consideracións sobre a intervención do señor propoñente e posiciónase a prol desta iniciativa de impulso ao Goberno.

O **señor Fidalgo Iglesias (P),** fai uso da rolda de puntualizacións para incidir na importancia desta iniciativa logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas polo/a voceiro/a que o precederon no uso da palabra.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

1.2 6035 (12/PNC-000728), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Non se acepta a transacción proposta, polo que se somete a votación o texto orixinal, que resulta **rexeitado** por.

Votos a favor:..... 7
Votos en contra: 8
Abstencións: 0

1.3 6080 (12/PNC-000735), do **G.P. Popular de Galicia.** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal. Resulta **aprobado pola unanimidade dos 15 deputados e deputadas** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que defenda diante das institucións da Unión Europea unha transición efectiva, realista e asumible na frota, mediante axudas que non impliquen penalizacións e que sexan compatibles coa sostibilidade ecolóxica, económica e social do sector pesqueiro galego.»

1.4 6196 (12/PNC-000735), do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sométese a votación o texto transaccionado coa emenda. Resulta **aprobado pola unanimidade dos 15 deputados e deputadas** con dereito a voto

PARLAMENTO DE GALICIA

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a implementar as competencias que lle asigna a Estratexia de control da alga Rugulopteryx okamurae en España, aprobada o 28.07.2022 na Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, para loitar contra a invasión da alga asiática, tendo en conta a natureza e intensidade dos impactos ecolóxicos e socioeconómicos que produce sobre o litoral, a través dun grupo de traballo onde estean representados a Fegamp e o sector pesqueiro e que se informe ao Parlamento de Galicia.»

1.5 6204 (12/PNC-000747), do **G.P. Popular de Galicia.** Neste intre a Presidencia, tendo en conta o criterio do letrado asesor da Comisión, entende procedente facer mención expresa á lei á que se refire o texto, polo que habería que engadir o seguinte: *"... artigo 7.p da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades ...*". Sométese a votación o texto orixinal con esa corrección técnica. Resulta **aprobado pola unanimidade dos 15 deputados e deputadas** con dereito a voto

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno Central unha ampliación á exención tributaria do artigo 7.p da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, cando menos, aos tripulantes españois que traballen en buques que pescan fóra das augas españolas co fin último de estimular a remuda xeracional.»

1.6 6574 (12/PNC-000786), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto orixinal, que resulta **rexeitado** por.

Votos a favor:..... 7
Votos en contra: 8
Abstencións: 0

Rematado o debate, a Presidencia agradece a todos os servizos prestados.

Levántase a sesión ás 13:05 horas.

Patricia García González

Patricia García González
Presidenta da Comisión

Firmado digitalmente por Patricia García González
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Patricia García González, email=patricia.garcia.gonzalez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.10.08 10:06:29 +02'00'

Carmela González Iglesias

Firmado digitalmente por Carmela González Iglesias
Fecha: 2024.10.07 18:30:15 +02'00'

Carmela González Iglesias
Secretaria da Comisión